

NOTIFICACION ACTUACION *Ips sp.* e *Tomicus sp.* (Perforadores dos piñeiros)

Durante o 2022, establecerase unha rede de trampeo con feromonas de distintos insectos: *Ips sp.*, *Tomicus sp.*, *Thaumatopoea pityocampa* e *Rhyacionia buoliana* co obxectivo de detectar nun primeiro momento, posibles ataques, que constitúen unha das maiores ameazas na sanidade forestal das coníferas. Segundo o ciclo biolóxico do insecto, procederase a colocación das feromonas para a súa captura.

O clima de Galicia, non é moi favorable ao desenvolvemento dos insectos xilófagos das coníferas como ocorre noutras rexións da península de clima máis seco. Sen embargo, a seca dos últimos anos así como os incendios e a falta de silvicultura nalgunhas masas fai que estas se debiliten progresivamente, incentivando unha proliferación das poboacións de xilófagos na comunidade.

Estes insectos, aínda que se presenten en poboacións máis ou menos en equilibrio, poden contribuír á dispersión de certos patóxenos de elevada perigosidade para as especies susceptibles, como é o caso do fungo *Fusarium circinatum* para as masas de *Pinus spp.*

Na primeira parte do ano instaláronse trampas de captura e monitoreo e realizaranse revisións para o establecemento das medidas necesarias e poñer en marcha os plans para o seu control.

As primeiras feromonas sexuais que se instalan son para a captura de adultos de *Tomicus sp.* As capturas destes xilófagos conséguense mediante trampas multiembudo, instaladas en montes de *Pinus pinaster*. As trampas están cebadas con atraentes do hospedante e con feromonas de agregación de escolítidos.

Tomicus sp. é un barrenador que afecta a *Pinus sp.* Os danos que causa ás masas son de dous tipos; os imagos na fase de maduración causan a morte das ramas cando se alimentan da súa médula. Por outra banda, e moito máis graves son os danos causados polas larvas. Unha vez que eclosionan os ovos, as larvas comeza a alimentarse do floema,



entrando lixeiramente no xilema. Estas galerías larvarias, en caso de forte infestación poden interromper completamente a circulación da árbore, causando a súa morte segura.

No caso dos *Ips sexdentatus*, os insectos adultos e as larvas desenvolven un sistema de galerías subcorticais que rematan anelando a árbore. É o escolítido máis grande de Europa. As galerías de grande lonxitude (ata un metro), con brazos máis ou menos paralelos en ambos os dous sentidos respecto á cámara de pupación, responden á poligamia que presenta este insecto. De estas galerías maternas saíran perpendicularmente as galerías de larvas.

COLOCACION DE TRAMPAS MULTIEMBUDOS CON FEROMONAS SEXUAIS:

Cada 15 días procederase ó control das capturas das trampas:

PROVINCIA	DISTRITO	CONCELLO	MONTE	Nº TRAMPAS	FEROMONA
OURENSE	XV	VILAR DE BARRIO	REBORDECHAO	5	TOMICUS SP.
	XIV	LAZA	NAVALLO	60	TOMICUS SP.